

SOLICITUDE VOTO POR CORREO

Segundo o Artigo 30 do Regulamento Electoral, as persoas electoras que desexen exercer o seu dereito de voto por correo será de acordó co seguinte procedemento:

- Exercicio do voto por correo

1. O voto presencial prevalecerá sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.
2. As persoas electoras poderán exercer o seu dereito de voto por correo de acordo co seguinte procedemento:

a) As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=DE200A&ano=2021&numpub=1&lang=gl> dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (**código do procedemento DE200A**).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante.

As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.